
I.E.S. "Santiago Basanta Silva"

Terra Chá e ben trobada

(ANTOLOXÍA BREVE DA POESÍA CHAIREGA
NO 1º CENTENARIO DO POETA
AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO)

Vilalba, 2009

"É LONGA E TRISTENTA A CHÁ, E XA EMPEZA A PARDECER. AS DERRADEIRAS CHOIVAS FIXERON ROXEALA TERRA. PINGA NAS POZACAS A PRATA DAS BIDUEIRAS. XESTAS, TOXOS, PIÑEIRO, CARPANZAS. UNHA CASOUPA Á BEIRA DO CAMIÑO, CON TEITUME DE COLMO. O SOL DE OUTONO, Ó DEITARSE TRALA SERRA, TEN UN SORRISO DOCE E DOENTE DE DALIA AMARELA. ANDAMOS POLA TERRA CHÁ, POLAS SUAS CHAIRAS GRISES, LENTORECIDAS, POR ONDIA SE SINTE O ROMBAR DO MIÑO, DO LEA, DO AZÚMARA, DO TÁMOGA. PASAREMOS POR MOIMENTA, POR LUDRIO, POR SALDANXE, POR BAZAR. A UNHA MAO QUEDA A SERRA DE MEIRA; I AUTRA PASTORIZA, A LAGOA DE COSPEITO I A TERRA VILALBESA... EN BONXE FANSE CUNCAS E PUCHEIROS; EN LOENTIA E FORMARÁN, BOAS ZOCAS DE ABIDUEIRA E DE AMENEIRO; EN SAN SIMÓN, QUEIXOS DE MOITA SONA, EN FORMA DE PERA. ATRAVESAREMOS ALDEAS, CINGIDAS DE CARBALLEIRAS, CON GRANDES CASAS CON AIRAS DE CANTERÍA, CON HORTOS QUE ARRECENDEN A ROMEIRO I A LOUREIRO, CUN GRAN TEIXO PRANTADO NUN CURRUNCHO... EIQUÍ ESTÁ PREYESOS I EIQUÍ PACIOS; MÁIS LONXE VIÁN E REIGOSA. TERRA DE CENTEO E DE PATACAS, DE PRADOS BEN REGADOS E DE GADO NOTORRO, MAIS SIN VIÑAS NIN FROITAS; TERRA HOMILDE, SIN CASTELOS NIN PAZOS. SAÍMOS OUTRA VEZ ÁS GÁNDARAS. POZACAS, LAGOAS, CARQUEIXAS, PIORNOS. TRIPÁMOLA AREIA PARDA DISES CAMIÑOS, QUE PARECE QUE NON LEVAN A NINGURES. A VOZ DO VENTO CANTA NOS PIÑEIRÁS CO MESMO ACENTO QUE TROUGO DO MARE. AS VENTALADAS DESPIDEN AS ÁLBORES, QUE SEMENTAN OURO NO BULLEIRO. O SILENCIO É FONDO; A LONXANÍA, AZUL. FITAMOS PRÁ FROITA OURILOCENTE DO SOL, QUE DEIXA ESCORRAS DE MEL NOS TRONCOS DOS PIÑEIRO. UNHA CURUXA CHAMA A NOITE, QUE ABRANGUE A CHAIRA LARGACÍA. SON ANCHOS COMA ESTRADAS ISTES CAMIÑOS DA TERRA CHÁ, QUE ATRAVESAN AS GÁNDARAS E PASAN O RÍO POR UNHA PONTE DE MADEIRA. PRADOS CON SEBES DE SALGUEIRAS; QUITAMERENDAS E CHOUPÍS Á BEIRA DA IAugA ENCORADA. BOSCOS SOMBRIZOS DE AMERIOS, BIDUEIRAS E CARBALLOS, ONDE MEDRAN AS ULENTES CARRIOLAS I OS BALOCOS BERMELLOS. ISTA É A TERRA CHÁ DA RIBEIRA DO MIÑO..."

(ÁNXEL FOLE, 1954)

PENÉLOPE*

* Xosé María DÍAZ CASTRO, dos Vilares de Guitiriz. Este poema –un dos máis populares das nosas letras contemporáneas– alude ao mito grego de Penélope, esposa de Ulises que

Un paso adiante i outro atrás. Galiza,
i a tea dos teus soños non se move.
A espranza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mol como unha uva;
pro ti envólveste en sabas de mil anos
i en soños volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron: Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús-María!
e toda cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono
o tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante e outro atrás, Galiza.

UN DÍA *

Un día hamos ser neniños
nun país bárbaro de montes
e xesteiras inmensas, amarelas,
e prados sempre verdes, e bois pios,
e infinitos regatos, patuxando
pra os muíños da mao.

Os galos de cen aldeas
traguerán do país dos mouros
carros de sol, que as loias, ó mencer.
irán espaxando sobre os picos
e as rozas do centeo.

Nas Veigas de Moimenta os poltros novos
correrán entre a i-erba e o restroballo
das froles, que lles chegan ó fuciño.

Por tódalas veredas
habará unha rolada de rapaces,
argallando nos cómaros, ó sol.

E no medio dos trigos
han de nacer brazados de cantares
para encher de alegría
as cambeleiras orfas desta hora.

ante a suposta morte do heroe destecía pola noite o que fiara de día para non ter que cumprir a promesa de elixir marido o día que rematase un sudario para o seu sogro, representando así o secular inmovilismo do pobo galego.

* Aquilino IGLESIA ALVARIÑO. Distinguido como “Señor das palabras”, este ano cúmprese o centenario do seu nacemento en Seivane (Abadín). Ninguén prestixiou tanto a lingua campesiña e o humanismo da natureza. Clasicista de espírito saudoso, talvez sexa este fermoso poema o máis led e esperanzado da súa brillante obra.

Eu son terra de ti, chairiña anterga,
Terra Chá, terra miña, meu amor.
Eu son terra de ti, de ti estou feito.
Feito estou da túa lama e da túa pedra,
da túa luz, da túa sombra, da túa herba,
da iauga dos teus ríos, do teu ferro,
e da fariña con que fan na chaira
o mouro, arrecendente, pan centeo.

Eu son de frol de toxo e frol de xesta,
de carqueixa, de buxo, de salgueiro,
madeira, son madeira,
dos arbres que en ti nacen
i en ti medran.
Eu son terra de ti, terriña amada,
terra Nai, Chaira longa, miña terra!*

Perfil azul
da chaira.

Lonxanía da luz
pousada no máis alto
das terras.

Fino horizonte
que o ar acende
de frescura.*

* Xosé Luís GARCÍA MATO “O Guedelliñas”, personificación da conciencia colectiva vilalbesa e herdeiro dunha vella estirpe de escritores locais entre os que contan voces poéticas como a de Chao Ledo (o máis vello dos grandes), García Hermida (“Toniño da Ponte”, secretario das Irmandades da Fala de Vilalba), Carmiña Prieto Rouco (“A Poeta”, autora do “Hino da Terra Chá”) ou Mato Vizoso (cronista oficial de Vilalba, para quen estes eran poetas sen pobo, arrastrados polo río do esquecemento, porque “Villalba no les ha devuelto nada”).

* Miguel Anxo FERNÁN VELLO, da casa do Comercio Novo da Feira do Monte (Cospeito). Poeta sobranceiro da xeración dos 80, director da Editorial Espiral Maior e principal promotor e valedor da poesía galega actual.

TERRA CHÁ*

A Terra Chá somentes é:
un pobo aquí, outro acolá,
mil arbres, monte raso,
un ceo chumbo e tráxico
no que andan as aves a voar.
O resto é soedá.

DECIR DO NAMORADO*

Eu quero ser muiñeiro pra deitar
o meu muíño no teu fol decote;
ser remeiro e levarte no meu bote;
ser trobeiro e cantarche o meu cantar.

¡Que ben ser eu grilo grilador
e ti o sol quentiño que o rechama!
¡Ser eu o paxariño e ti a rama!
¡Ser eu a avelaiña e ti a flor!

Xa fixen pazo para ti, raíña;
fixen unha casiña ás Teixoeiras,
que ha de ser a túa casa e maila miña.

I alí os nosos nenínos brincarán.
E eu sementarei as nosas leiras.
E ti amasarás o noso pan.

* MANUEL MARÍA, da casa de Hortas en Outeiro de Rei. Coa súa vasta obra, "O Manuel" fixo da Terra Cha unha patria literaria, logo da publicación en 1954 do poemario homónimo, a Biblia poética desta tribo. Como bardo da Chaira, adiantouse a facer lírica do que antes os chairegos fixeran unha patria. Estes seis versos constitúen a mellor definición física e espiritual da comarca máis grande de Galiza.

* Xosé CRECENTE VEGA, da casa da Ponte en Outeiro (Castro de Rei). Fillo literario do seminario mindoniense, este crego latinista ergue metaforicamente a súa casa no lugar das Teixoeiras (v. 10 do soneto), a pouco máis de 1 km do castro e do castelo medieval da capitalidade, onde algúns historiadores teñen situado a traxedia épica do Monte Medulio, derradeira epopea das tribos galaicas fronte ao poder de Roma, emulando o acontecido en Numancia ou en Sagunto.

Se miro cara atrás véxote inqueda
co teu pano á cabeza pola aira.
Énchesme a casa toda, tan lizgaira,
tan lonxe desta dor que hoxe me aceda.

Se aparto o muraldal que te me arreda,
vénme o zunido teu cruzando a Chaira
e no mar das sereas sei que paira
a túa araxe diminuta e leda.

Mellor que visitarte no sartego,
quero irte recollendo pola terra
na que tanto te levas debruzado.

Mellor que estar perante o nicho cego
enguilindo o silencio que te encerra,
quero abrazarte no teu barro amado.*

POETAS DA TERRA CHÁ

A Terra Chá ben amada
foi lar de poetas claros.

Xosé Crecente o bon crego
fixo versos ben trobados.
Cantou a chaira longuíssima,
o rechouchío dos páxaros,
a fermosura das mozas
e a fermosura dos agros.
*Erma e triste codeseira
onde eu alindei meu gado...*
Versos tecidos de terra
e de arrecender de prados,
versos de noites de xistra
e mañanciñas de orballo.

Aquilino o de Abadín
fixo poemas calados
cun silencio hendecasílabo
de longos ermos chagados.
Lanzás versos monótomos
feitos de berros lonxanos
que soan na longa chaira
con ecos de campanario.
Que ledicia ler os *Cómaros*
deitado baixo un carballo
namentres as vacas pacen
con pacencia de deus canso.
Aquilino o de Abadín
fixo poemas calados.

Manuel María de Outeiro
que poeta en desamparo.
Que dor de longos solpores,

* Xesús RÁBADE PAREDES, poeta de Cospeito vencellado á xeración dos 80 e ao grupo Cravo Fondo. O autor procura na terra escrava o amor da mai ausente. Sentida homenaxe á muller labrega, eternamente debruzada e figura omnipresente na voz dos poetas chairegos.

que dor de lume alfeirado.
Manuel María, centella,
dor de luz, espada, dardo,
profeta de lumbrigares
en versos a machadazos.

Que potencia nos teus versos,
poeta de verso irado,
que lume nos minifundios,
que berro longo chantado
nos furiosos versos libres.
E que dozura de orballo
nalgúns poemas perdidos
nun lonxanísimo brado.

Margarita Ledo Andión
escuro verbo pechado,
palabra que trae o vento
como follas sen amparo.
Silencio angosto das horas
do pobo desventurado,
prego e aldraxe do corvo
e mais do leite callado.
Angosto silencio vello
de camiño innominado,
de sombra, tristeza, noite,
sombrizo couteo zarrado
solpores que non son roxos,
mencerer asasinados,
corpóreos medos que soben
polas canellas do espanto.
Angosto silencio vello
sobre da patria do pranto.

A Terra Chá ben amada
foi lar de poetas claros.*

O CARBALLO DE LUXÍS

É un carballo avó, de centos de anos,
abrigo e honor da casa de Luxís.
É un dos millor feitos e máis sanos
e máis grandes que medran no país.

Non o abrazan tres homes. Unhas canas
largas e gordas coma troncos ten.
¡Ben se lle ve que enraizou con ganas
de chegar algún día a ser alguén!

Do sol non pode nin siquiera un fío
romper aquela folla tan tupida.
Á súa sombra non se sente o estío.
O seu frescor é un frescor de vida.

Está gardando a vella casa nobre,
o pazo de Luxís –que así se chama-.
Alí naceu e medra aínda e cobre
máis dun tegu de terra coa súa rama.

Ás veces fala coma o que aloumiña,
cos seus miles de linguas chachabellas.
Marmura, ben seguro, en voz baixiña,
vellos contos de mozas e de vellas.

Ou quizabes pola alma dos velliños
que se foron da casa, rezará...;
pola alma dos petrucios difuntiños
dos que el endexamais se esquecerá.

Outras veces semella un gran xigante
na voz que deixa oír, ronca e potente.
É coma un aristócrata: arrogante.
É coma un héroe mítico: imponente.

* DARÍO XOHÁN CABANA, de Roás (Cospeito), integrado na xeración dos anos 80, ocupou na R.A.G a cadeira vacante á morte de seu padriño o poeta Manuel María, quen tamén homenaxeara as tres grandes voces clásicas da Chaira (Crecente, Alvareiro e Díaz Castro)

no seu discurso de ingreso na mesma academia, acto solemne que tivo lugar na capital da Terra Cha.

Por eso toda a xente no camiño
se para a mirar pra el con reverencia.
É que gozan con velo, por cariño;
que lle teñen respecto, por concencia.

E sábese que cando se finou
o señor derradeiro do lugar,
falando do carballo, así falou:
“É o vello amigo deste vello Lar.

Segundo o respetaron vosos pais,
así quero tamén que o respetedes.
Non se lle corte cana endexamais.
Nunca esmoucado foi:
non o esmouquedes”.¹

* Este coñecido poema de CRECENTE VEGA foi decisivo para que o carballo de Luxís se integrase o ano pasado (2008) no *Catálogo de árbores senlleiras* do país galego, ao se tratar dun dos monumentos vexetais máis populares da Terra Cha. Aséntase sobre unha encrucillada na parroquia de Pacios (Castro de Rei), a carón do pazo de Luxís, con capela do San Salvador e outras árbores singulares. Logo de varias xeracións, fai poucos anos morreu o seu último coidador, don Xusto Ónega Uz, nobre ecoloxista nonaxenario.

O mesmo poeta chairego ten reiterado a súa devoción polas nosas árbores ao longo da súa obra, tanto nos sonetos en español "A un álamo" ("Es serena tu faz verde-amarilla, / aristócrata y prócer tu apostura. / ¡Igual que el noble que jamás se humilla! // Cara al inmenso azul y a la llanura, / te embriagas de la altura y de la anchura. / ¡Igual que un bardo en tierra de Castilla!"), "A un haya" ("Haya frondosa de almacén fornida; / de pie seguro y de pujante aliento; / cobijo amable donde el ave anida; arpa gigante donde gime el viento") ou "Los dos abetos" ("Émulos de los altos campanarios / su ascensión es devota y atrevida. / Y a un tiempo rumian su ilusión querida, / y susurran a un tiempo sus rosarios"), como nos textos galegos "O Freixo" ("Ou ti, bon camiñante: se polo Freixo pasas, / párate a ve-lo Freixo do campo de entre as casas") e "¡Canto me alegre, salgueiriño!" ("¡Canto me alegre, salgueiriño, / de te atopar no meu camiño! / Ô teu querer estou afeito. / ¡Que doce angustia me enche o peito / cabo de ti, meu queridiño!").

A CERNA*

Hase de amar a cousa hastra que sangue.
O verdadeiro amor enferra en neve,
ara nun mar de rosas suco leve,
aí pro acadulla en sangue.

Tinguéuseche o machado en sangue loura.
Ai cómo, cernador, doi a batalla
cos que un ama! Qué moura é a sombra moura
do machado na galla!

Despida contra o ceio A Que Non Fala,
a póla firme coma un xuramento,
berra nos dentes do machado e estala
e tordea no vento...

Sobros cómbaros dondos coma un velro,
sobras cornas dos bois, sobro camiño,
a fraga berra, coucorexa o melro,
caí arroulando un niño...

Eu vinte contra o sol, nunha hora tola,
abrazado ó teu toro, derregando
a traxedia de Deus. Doinos a póla,
pro seguimos cernando!

Hastra que caia a derradeira estrela,

* O poema "A Cerna" de DÍAZ CASTRO transmite a mensaxe existencialista da posguerra, do misterio do home na súa ambigüidade e desamparo. O poeta guitiricense mostra a complicidade entre a palabra e o silencio, recreando a atmósfera trágica presente no acto simple de repolar: a inminencia da morte, a filosofía desesperanzada da mao de Celestino Fernández de la Vega ("Celistro"), versos desoladores para un home abrumado pola angustia existencial e a inútil ferida sobre a terra estéril, a demolición desa árbore que sangra a golpe de machado, o símil do pasamento cando bate contra o chan.

cairá o machado en carne que choramos,
no sonho puro de deixar máis bela
unha vida que amamos.

PASTOR DE RÍOS*

Pastor de ríos do BON PAÍS das numerosas bágoas,
chamóu a si os señores da Terra, os que alindan as fontes,
os seus parentes, garridos coma álbores de escumas.

Había que conquista-lo país das bágoas a rego.
O reino das ínsuas sin conto e a mar sin ribeiras,
onde bebe-nos cabalos de ouro do sol e as poltras de vento...

Os alindadores de veigas verdes, coas aguilladas de avelao ó
lombo,
oíra-na voz do pastor de ríos nos seus leitos de pedra,
e erguera-na cabeza de entre os matos de uces e calandras.

Coma ás San Lucas, os poltros de Cadavedo e Labrada.
Coma ó San Froilán o bravío de Gondel e de Ermunde,
así acudira-nos ríos da Terra á chamada do seu pastor.

Deus, qué remuíño! Coma cando o balbordo das olas
dun mar bravo bruando enche as praias de oubeos
e resoan ó lonxe os coídos e as beiras mares longales,

así acudirán á súa voz os ríos da Terra todos.
Os que gardan noites de lobos e grandas de queirogas
e os que reparan lanzas de freixo e corzos ledos.

O Miño, pastor de ríos,
chama á xente da súa fala
desde o seu pazo de bídalos.

* IGLESIA ALVARIÑO evoca repetidamente ao Miño como pai dos ríos, que deberán acudir á chamada do seu pastor. Este elemento de cohesión reaparece na súa sentida elexía á morte de Crecente Vega, agora transformado no Río Grande a carón do cal medrara o poeta da Ponte de Outeiro.

Eu son aquel que en tempos de ventura
flores collín por cómaros e hortas
i ora vou esfolando flores mortas
ó longo, longo da vereda escura.

Son aquel eu que sigue o meu camiño
mirando arriba, ollando ós horizontes
e debullando nun cantar baixiño
tristezas de hoxe i alegrías de ontes.

Son aquel eu, páxaro que no pico
leva o piar da soledá doente
en ás voando dunha arela infinda.

Son aquel eu co meu cantar no pico,
coa miña estela a rebrilar na frente.
¡Son aquel eu que non morreu aínda!*

* O terceto final deste soneto existencialista de CRECENTE VEGA serve agora de epitafio sobre a súa sepultura definitiva na igrexa de Santa María de Outeiro, logo da solemne repatriación desde Segovia en novembro de 1998, coincidindo co cincuentenario do seu falecemento.

*"Os meus modos de expresión poética
afincanse na Terra Chá"*

(Aquilino Iglesia Alvariño, 1909-2009)